

Proxecto HAMMER

Dende o 2 ao 4 de decembro reuníronse representantes de 7 organizacións de distintos países europeos no Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude para continuar traballando nun proxecto, que comezou en setembro de 2014, para a innovación e as boas prácticas (asociación estratéxica de organizacións) no eido forestal, con dous anos de duración e que se desenvolve no marco Erasmus +.

Neste proxecto europeo están involucrados ademais do CFEA de Sergude, o IES Cidade de Antioquía de Xinzo, o centro francés EPLEFPA de Bazas, o Instituto Tecnolóxico francés FCBA, a Universidade de Tampere en Finlandia, a Escola Forestale di Ormea en Italia e a organización forestal Forêt Wallonne de Bélxica.

O principal obxectivo do proxecto é o desenvolvemento dunha aplicación informática para practicar a realización de rareos en masas forestais. Ao mesmo tempo cada organización está inventariando parcelas forestais na súa rexión para poder realizar exercicios que están servindo para testar a aplicación. Coa visualización a través de mapas e fotos da parcela o alumno que realiza un exercicio elixe cales son as árbores que cómpre cortar e a razón pola que o fai, e a aplicación xera diferentes táboas de datos e gráficos das árbores iniciais, das cortadas e das que quedarían en pé (volumen por clase diamétrica, pés por especie...) e un mapa coa distribución de todas elas.

A finalidade desta aplicación informática é o seu uso con fins educativos, tanto para a formación en silvicultura coma tamén para axudar na súa formación a profesionais do sector forestal que realicen labores de aproveitamento forestal (ex: operadores de procesadora). Todo isto co valor engadido de poder realizar exercicios de forma virtual en distintos lugares de Europa, con cadansúas características especiais.

A idea deste proxecto baséase en levar ao dixital o uso do “Marteloscope”, que é unha parcela onde se realizan prácticas para aprender a facer rareos cunha metodoloxía similar a descrita. Estes “Marteloscopes” son típicos de Francia e é alí onde xorde a idea, concretamente no EPLEFPA de Bazas, que é o coordinador e iniciador do proxecto, ao que se foron sumando o resto de participantes ata que en setembro de 2014 se puido comezar grazas ao financiamento europeo.

Outro obxectivo que se leva a cabo co proxecto é unha formación adicional para os alumnos das distintas organizacións que participan directamente no seu desenvolvemento e neste sentido inclúense 96 mobilidades de alumnos entre os distintos países.

Aínda que non é un obxectivo en si mesmo, vai implícito en calquera traballo deste tipo o valor engadido que supón o coñecemento por parte de técnicos e profesores das peculiaridades do sector forestal doutros países. Neste senso, ademais das reunións de traballo, nestes días os participantes visitaron montes próximos ao CFEA (nos concellos de Boqueixón, O Pino e Padrón) para poder coñecer mellor a silvicultura e as distintas masas forestais da zona. Tamén visitaron o Centro de Coordinación Central de Incendios Forestais, onde un técnico do Servizo lles explicou o singular e importante problema que existe cos incendios forestais en Galicia.

Máis información: www.hammer-project.eu